

SAL. 012447 30.12.13 12:34

**Instrución XVII/2013 da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela pola que se establece o procedemento para o axuste orzamentario do exercicio económico 2014 derivado da prórroga do orzamento para ese exercicio.**

De acordo co disposto na Disposición adicional da Resolución de prórroga do orzamento para 2014 e co fin de adaptar os créditos prorrogados aos cambios estruturais e funcionais na USC non existentes no ano 2011 orixe da prórroga,

A xerente resolve:

1. Adecuar os créditos iniciais ao establecido na Resolución Reitoral do 1 de agosto de 2011 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios:
  - a. As partidas dotadas con crédito inicial nos orzamentos de 2011 nas orgánicas 8026 e 8028, se abrirán no orzamento de 2014 na orgánica 8029 "Vicerreitoría de Titulacións e Persoal Docente e Investigador"
  - b. As partidas dotadas con crédito inicial nos orzamentos de 2011 nas orgánicas 8023 e 8035, se abrirán no orzamento de 2014 na orgánica 8024 "Vicerreitoría de Estudantes, Cultura e Formación Continua"
  - c. O crédito inicial das partidas 8010-3000-22000, 8010-3050-22000, 8010-4300-22900, 8010-4914-49000 e 8010-4950-49000 aprobado no orzamento de 2011, abrirase na orgánica 8017 "Vicerreitoría de Relacións Exteriores e Internacionalización" no orzamento de 2014.
2. Tramitar de oficio unha transferencia de crédito por importe de 2.000,00 € dende a partida 8075-3000-22000 á partida 2005-2C05-22000, co fin de dotar de crédito para gastos correntes ao Centro de Investigación Singular CITIUS.
3. Tramitar de oficio unha transferencia de crédito por importe de 55.600,00 € dende a partida 6510-3000-22000 á partida 8075-3000-22100. Tendo en conta que dende o curso académico 2012/13 o "Máster en Avogacía" se imparte con carácter de máster universitario oficial en substitución do título propio "Estudios de especialización en avogacía, procuradoría e práctica xurídica", é dado que nos orzamentos da USC non se prevé a dotación de crédito para as titulacións oficiais, é necesario axustar o crédito da Escola de Práctica Xurídica ao importe do crédito inicial asignado aos institutos e outros centros non experimentais e sen sede.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2013

A xerente

María Lourdes Batán Aira

Sr. Xefe do Servizo de Contabilidade e Orzamentos  
Sr. Director da Escola de Práctica Xurídica  
Sr. Director do CITIUS  
Sr. Vicerreitor de Titulacións e Persoal Docente e Investigador  
Sr. Vicerreitor de Estudantes, Cultura e Formación Continua  
RAE da Escola de Práctica Xurídica, RAE do CITIUS e RAE de Vª de Titulacións e PDI e Vª de Estudantes, Cultura e Formación Continua